



11.- Xerar listas de control e rúbrica

En diferentes lugares de programación como na lapela Programación e currículo, UDIS > avaliación ou UDI > xerar UDI, poderás crear un documento en odt ou pdf con diferentes listas de control e rúbrica de entre as dispoñibles na aplicación para o estándar seleccionado.


A finalidade destas listas de control é a de servir instrumento de avaliación que permita anotar os resultados da observación ou outros procedementos de avaliación. Deste xeito poderemos conseguir un documento imprimible, que poderá incluír de forma automática a lista de alumnos do noso grupo, na que ir anotando a evolución ou consecución do estándar/estándares indicados na mesma.

A opción para xerar estas listas de control e rúbrica poderá identificarse a través deste botón de cor morada presente en diferentes lugares da aplicación sempre relacionado co estándar xunto ó que se atope.

xerar listas de control e rúbrica

Premendo sobre o mesmo, na nova ventá que aparece poderás **escoller entre os diferentes tipos de listas de control e/ou rúbrica dispoñibles**, tan só haberá que selecciónala no desplegable. No caso de rúbricas estas só poden xerarse desde os botóns dispoñibles na lapela UDIS (incluíndo tamén ás agregadas nun único documento), posto que precisan ter redactados os diferentes graos da rúbrica cousa non posible na lapela de programación e currículo.

Esta opción só está dispoñible cando se queren xerar listas desde a lapela de programación e currículo. Permite xerar nun único documento por alumno, a lista eleixida para tódolos estándares que teñan "lista de control" como instrumento de avaliación no nivel área.



Tamén poderás **elixir se o documento xerado saerá "valeiro"** (é dicir un táboa en branco para completar a man o nome dos alumnos/as), **ou ben incluíndo os nomes dos alumnos/as do grupo que se escolla no desplegable**. Este grupo deberá estar introducido no apartado "xestión do alumnado" (ver apartado 8 para máis información sobre como facelo).



Despois de premer o botón "XERAR" e tras un segundos poderemos descargar a lista de control/rúbrica eleixida, co grupo de alumnos que se teña seleccionado, tanto en pdf como en formato odt.

Podes xerar tantos documentos como desexes para cada estándar.

Cada lista de control incluírá, ó lado da fotografía de cada alumno/a o seu código QR que poderás scanear coa APP "programame-UDIS" desde o teu smartphone ou tablet, para acceder á ficha do alumno e





gardar as anotacións no anecdotario, reunións ou caderno do docente.

Visita ós apartados correspondentes á APP así como do anecdotario e caderno do docente, nas respectivas seccións deste manual.

